



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

ACTA DE CONFIGURACIÓN E ORGANIZACIÓN DA CORPORACIÓN MUNICIPAL REALIZADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN NA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO DÍA 7/07/2023, EN 1ª CONVOCATORIA.

ASISTENTES

PRESIDENCIA

DOMINGUEZ SISTO, Aurea (Adv)

CONCELLEIROS

PARTIDO POPULAR (PP)

INSUA LAGO, Luis Manuel
RODRIGUEZ NEMIÑA, Susana
TRABA FERNANDEZ, José Manuel
SUAREZ SILVA, Jenifer
CANOSA TRILLO, Manuel

ALTERNATIVA DOS VECIÑOS (AV)

MARTINEZ TRABA, Francisco
LESTON REDONDA, Francisco Antonio

PARTIDO SOCIALISTA (PSdeG – PSOE)

MARCOTE SUAREZ, José
DOMINGUEZ LADO, Alexandre

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)

SAR OLIVEIRA, Xan Carlos

SECRETARIO - ACIDENTAL

CARRIL PEREZ, Juan Carlos

Na vila e termo municipal de Fisterra, ás 20:00 horas, do día 7/07/2023, para cumprir o que dispón o artigo 38 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento do Réxime Xurídico das Entidades Locais, sobre reordenación do goberno local, reúnen en sesión pública, no salón de sesións da casa do concello, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, Áurea Domínguez Sisto, os señores e señoras concelleiros/as que na marxe se expresan, asistidos polo secretario accidental da corporación, coa finalidade de celebraren sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, do pleno da corporación.

Tendo en conta que segundo o establecido no artigo 90 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, para a válida constitución do Pleno, requírese a asistencia dun terzo do número legal de membros da corporación, que nunca poderá ser inferior a tres. Este quórum deberá manterse durante toda a sesión. En todo caso, requírese a asistencia do Presidente e do Secretario da

corporación ou de aqueles que legalmente os substitúan.

Comprobado pola Secretaria – Intervención accidental, que os reunidos constitúen quórum suficiente para a válida celebración do acto segundo as disposicións vixentes, a Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión, e todo iso aos fins de deliberar e resolver sobre o contido da seguinte

ORDE DO DIA

1º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

2º) DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA SOBRE NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

3º) DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDIA-PRESIDENCIA SOBRE NOMEAMENTO DE CONCELEIRO DELEGADO DE SERVIZOS SOCIAIS E PARTICIPACIÓN CIDADÁ; EDUCACIÓN, CULTURA, DEPORTE E SANIDADE; SEGURIDADE CIDADÁ E ORDE PÚBLICO DESTA CORPORACIÓN.

4º) DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA SOBRE NOMEAMENTO DE CONCELEIRO DELEGADO DE URBANISMO, OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS; MEDIO RURAL, PESCA E MARISQUEO DESTA CORPORACIÓN.

5º) DAR CONTA DA CONSTITUCION DO GRUPO MUNICIPAL DE CONCELEIROS DO PARTIDO POPULAR.

6º) DAR CONTA DA CONSTITUCION DO GRUPO MUNICIPAL DE CONCELEIROS DE ALTERNATIVA DOS VECIÑOS.

7º) DAR CONTA DA CONSTITUCION DO GRUPO MUNICIPAL DE CONCELEIROS DO PARTIDO SOCIALISTA DE GALICIA – PSOE.

8º) DAR CONTA DA CONSTITUCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE CONCELEIROS DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO.

9º) PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA, DE CREACIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, COMPOSICIÓN E RÉXIME DE SESIÓNS E ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN.

10º) PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA, DE CREACÓN DE COMISIÓNS INFORMATIVAS E ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN.

11º) PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA, PARA A REPRESENTACIÓN DO CONCELLO EN DIVERSOS ORGANISMOS E ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN.

12º) PROPOSTA DA ALCALDIA-PRESIDENCIA, SOBRE PERIODICIDADE DE SESIÓNS PLENARIAS E ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN.

13º) PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA, SOBRE ASISTENCIAS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN, POLA CONCORRENCIA EFECTIVA ÁS SESIÓNS DOS ORGANOS COLEXIADOS E ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN.

14º) PROPOSTA DA ALCALDIA-PRESIDENCIA, SOBRE RETRIBUCIONS DOS CARGOS PUBLICOS E ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN.

1º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Intervén a Sra. Alcaldesa preguntando se algún membro da Corporación, quere formular algunha observación, ao contido da acta da sesión extraordinaria do Pleno da Corporación de 27/06/2023, distribuída coa convocatoria.

Ao non facer uso da palabra ningún/ha concelleiro/a, a Sra. Alcaldesa somete a votación a proposta de aprobación da acta da sesión extraordinaria do Pleno da Corporación de 27/06/2023, sendo aprobada por unanimidade dos asistentes.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

2º) DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA SOBRE NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE.

Dáse lectura da resolución 2023/G003/000345 de 4/07/2023 que, literalmente di o seguinte:

“De conformidade co establecido no artigo 21.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e os artigos 41.3 e 46.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,

RESOLVO:

1º) Nomear a FRANCISCO MARTINEZ TRABA, 1º tenente de alcalde desta corporación.

2º) Nomear a FRANCISCO ANTONIO LESTON REDONDA, 2º tenente de alcalde desta corporación.

3º) Notificar esta resolución aos designados que, salvo manifestación expresa, considerárase aceptada tácitamente.

4º) Remitir a citada resolución ao Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte da sinatura da resolución pola alcaldía, se nela non se dispoña outra cousa. Igualmente publicarase no taboleiro de anuncios municipal.

5º) Dar conta ao pleno da corporación na primeira sesión que se celebre”.

O pleno da corporación dáse por enterado.

3º) DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDIA-PRESIDENCIA SOBRE NOMEAMENTO DE CONCELLEIRO DELEGADO DE SERVIZOS SOCIAIS E PARTICIPACIÓN CIDADÁ; EDUCACIÓN, CULTURA, DEPORTE E SANIDADE; SEGURIDADE CIDADÁ E ORDE PÚBLICO DESTA CORPORACIÓN.

Dáse lectura á resolución da alcaldía número 2023/G003/000346 de 4/07/2023, que literalmente di o seguinte:

“Constituída a corporación municipal na sesión extraordinaria celebrada o día 17/06/2023, resulta necesario, dentro do prazo dos trinta días seguintes ao da sesión de constitución e por razóns fundamentadas no funcionamento ordinario dos servizos, conferir delegacións especiais dentro do límite previsto no artigo 43 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Considerando, que o artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e artigo 61.3 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, establecen a relación taxada das competencias e atribucións que son susceptibles de delegación.

Tendo en conta que o réxime xeral de delegacións entre os órganos necesarios previstos no artigos 114 ao 118 do Real Decreto 2568/1986, co alcance, límites e extensión fixados polo citado artigo 21.2 da Lei 7/1985, e artigo 62.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo,

RESOLVO:

1º) Designar a FRANCISCO MARTINEZ TRABA, concelleiro delegado de Servizos Sociais e Participación Cidadá; Educación, Cultura, Deporte e Sanidade; Seguridade Cidadá e Orde Público desta corporación.

2º) As competencias do delegado, no ámbito das súas áreas, son:

- Representar ao concello nas súas áreas.

- Dirixir, inspeccionar e impulsar os servizos municipais nas súas áreas, no marco da coordinación xeral.

- Desenvolvemento xeral da actividade ordinaria, no marco das súas competencias e de acordo á coordinación xeral e as súas previsións.

3º) A delegación comprenderá a proposta, impulso, dirección interna e xestión dos servizos correspondentes, pero non inclúe a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

4º) De conformidade co disposto no artigo 44.2 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, remitir esta resolución ao Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte da sinatura da resolución pola alcaldía. Igualmente publicarase no taboleiro de anuncios municipal.

5º) Notificar esta resolución ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos.

6º) Dar conta ao pleno da corporación na primeira sesión que se celebre".

O pleno da corporación dáse por enterado.

4º) DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA SOBRE NOMEAMENTO DE CONCELEIRO DELEGADO DE URBANISMO, OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS; MEDIO RURAL, PESCA E MARISQUEO DESTA CORPORACIÓN.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Dáse lectura á resolución da alcaldía número 2023/G003/000347 de 4/07/2023, que literalmente di o seguinte:

“Constituída a corporación municipal na sesión extraordinaria celebrada o día 17/06/2023, resulta necesario, dentro do prazo dos trinta días seguintes ao da sesión de constitución e por razóns fundamentadas no funcionamento ordinario dos servizos, conferir delegacións especiais dentro do límite previsto no artigo 43 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Considerando, que o artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e artigo 61.3 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, establecen a relación taxada das competencias e atribucións que son susceptibles de delegación.

Tendo en conta que o réxime xeral de delegacións entre os órganos necesarios previstos no artigos 114 ao 118 do Real Decreto 2568/1986, co alcance, límites e extensión fixados polo citado artigo 21.2 da Lei 7/1985, e artigo 62.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo,

RESOLVO:

1º) Designar a FRANCISCO ANTONIO LESTON REDONDA, concelleiro delegado de Urbanismo, Obras e Servizos Municipais; Medio Rural, Pesca e Marisqueo desta corporación.

2º) As competencias do delegado, no ámbito da súa área, son:

- Representar ao concello nas súas áreas.
- Dirixir, inspeccionar e impulsar os servizos municipais nas súas áreas, no marco da coordinación xeral.
- Desenvolvemento xeral da actividade ordinaria, no marco das súas competencias e de acordo á coordinación xeral e as súas previsións.

3º) A delegación comprenderá a proposta, impulso, dirección interna e xestión dos servizos correspondentes, pero non inclúe a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

4º) De conformidade co disposto no artigo 44.2 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, remitir esta resolución ao Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte da sinatura da resolución pola alcaldía. Igualmente publicarase no taboleiro de anuncios municipal.

5º) Notificar esta resolución ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos.

6º) Dar conta ao pleno da corporación na primeira sesión que se celebre”.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

O pleno da corporación dáse por enterado.

5º) DAR CONTA DA CONSTITUCION DO GRUPO MUNICIPAL DE CONCELEIROS DO PARTIDO POPULAR.

Dáse lectura ao escrito presentado polo grupo de concelleiros do partido popular, que literalmente di o seguinte:

“En cumprimento do establecido no artigo 24 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, COMUNÍCOLLE que os abaixo asinantes, concelleiros desta corporación, fan constar a súa vontade de constituírse como GRUPO POLITICO MUNICIPAL, coa denominación, composición e designación do Portavoz e suplente que de seguido se indica, e para ese efecto subscribimos este documento.

DENOMINACIÓN DO GRUPO MUNICIPAL:
GRUPO PARTIDO POPULAR DE FISTERRA

COMPOSICION:

- Luis Manuel Insua Lago
- Susana Rodríguez Nemiña
- José Manuel Traba Fernández
- Jenifer Suárez Silva
- Manuel Canosa Trillo

DESIGNACIÓN DO VOCEIRO:

TITULAR: Luís Manuel Insua Lago
SUPLENTE: Susana Rodríguez Nemiña

Fisterra, 23 de xuño de 2023

Asdo. Tódolos concelleiros do partido popular”

O pleno da corporación dáse por enterado.

6º) DAR CONTA DA CONSTITUCION DO GRUPO MUNICIPAL DE CONCELEIROS DE ALTERNATIVA DOS VECIÑOS.

Dáse lectura ao escrito presentado polo grupo de concelleiros de Alternativa dos Veciños, que literalmente di o seguinte:



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

“En cumprimento do establecido no artigo 24 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, COMUNÍCOLLE que os abaixo asinantes, concelleiros desta corporación, fan constar a súa vontade de constituírse como GRUPO POLITICO MUNICIPAL, coa denominación, composición e designación do Portavoz e suplente que de seguido se indica, e para ese efecto subscribimos este documento.

DENOMINACIÓN DO GRUPO MUNICIPAL:
GRUPO ALTERNATIVA DOS VECIÑOS DE FISTERRA

COMPOSICION:

- Áurea Domínguez Sisto
- Francisco Martínez Traba
- Francisco Antonio Lestón Redonda

DESIGNACIÓN DO VOCEIRO:

TITULAR: Francisco Antonio Lestón Redonda
SUPLENTE: Francisco Martínez Traba

Fisterra, 23 de xuño de 2023

Asdo. Tódolos concelleiros do grupo Alternativa dos Veciños”

O pleno da Corporación dáse por enterado.

7º) DAR CONTA DA CONSTITUCION DO GRUPO MUNICIPAL DE CONCELEIROS DO PARTIDO SOCIALISTA DE GALICIA – PSOE.

Dáse lectura ao escrito presentado polo grupo de concelleiros do PSdeG-PSOE, que literalmente di o seguinte:

“Todos concejales de este Ayuntamiento de Fisterra elegidos en las pasadas ELECCIONES LOCALES integrantes de la candidatura presentada por la formación política Partido Socialista Obrero Español (PSOE), cuyos demás datos constan suficientemente acreditados, dando cumplimiento a lo establecido en el artículo 24 del Real Decreto 2568/1986, de 28 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales (ROF), comunican a la Alcaldía-Presidencia de la Corporación Municipal su constitución como Grupo político municipal cuya denominación será GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA – PSOE DEL AYUNTAMIENTO DE FISTERRA.

De igual forma pone en su conocimiento que se designa como Portavoz del Grupo Municipal a:



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

D JOSÉ MARCOTE SUAREZ

Igualmente se designa como suplente del referido portavoz, al concejal:

D. ALEXANDRE DOMINGUEZ LADO

En base a lo dicho,

SOLICITO, que teniendo por presentado el presente escrito se sirva admitirlo, tenga por presentado en tiempo y forma ESCRITO DE CONSTITUCION DE GRUPO MUNICIPAL PSOE, así como nombrando Portavoz y Suplente del referido grupo, durante la presente legislatura 2023-2027.

En Fisterra, a 22 de junio de 2023

Fdo. Todos los concejales del grupo socialista”.

O pleno da Corporación dáse por enterado.

8º) DAR CONTA DA CONSTITUCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE CONCELEIROS DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO.

Dáse lectura ao escrito presentado polo grupo de concelleiros do Bloque Nacionalista Galego, que literalmente di o seguinte:

“En cumprimento do establecido no artigo 24 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, COMUNÍCOLLE que o abaixo asinante, concelleiro desta corporación, fai constar a súa vontade de constituírse como GRUPO POLITICO MUNICIPAL, coa denominación, composición e designación do Portavoz que de seguido se indica, e para ese efecto subscribo este documento.

DENOMINACIÓN DO GRUPO MUNICIPAL:
GRUPO BNG DE FISTERRA

COMPOSICION:

- Xan Carlos Sar Oliveira

DESIGNACIÓN DO VOCEIRO:

TITULAR: Xan Carlos Sar Oliveira

Fisterra, 23 de xuño de 2023

Asdo. Tódolos concelleiros do grupo BNG”



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

O pleno da Corporación dáse por enterado.

9º) PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA, DE CREACIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, COMPOSICIÓN E RÉXIME DE SESIÓNS E ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN.

Dáse lectura á proposta da alcaldía sobre a creación da Xunta de Goberno Local, co seguinte contido:

“Sendo necesario e convinte parar a boa marcha dos servizos públicos municipais de acordo cos principios de economía, celeridade e eficacia administrativas, proceder á constitución da Xunta de Goberno Local que terá por función a asistencia á Alcaldía no exercicio das súas atribucións.

Considerando, que a Xunta de Goberno Local existe en todos os municipios con poboación superior a 5.000 habitantes e nos de menos, cando así o dispoña o seu regulamento orgánico ou así o acorde o Pleno do seu concello.

Considerando, que é atribución propia e indelegable da Xunta de Goberno Local a asistencia permanente á Alcaldía no exercicio das súas atribucións. A tal fin, a Xunta de Goberno Local será informada de todas as decisións da Alcaldía. Esta información terá carácter previo á adopción da decisión sempre que a importancia do asunto así o requira.

Así mesmo, a Xunta de Goberno Local exercerá as atribucións que lle delegue a Alcaldía ou o Pleno, así como aquelas outras atribucións que expresamente lle asignen as leis.

A Xunta de Goberno Local está integrada pola Alcaldía, que a preside, e os Concelleiros nomeados libremente polo presidente, como membros da mesma.

O número de Concelleiros aos que a Alcaldía pode nomear membros da Xunta de Goberno Local, non poderá ser superior ao terzo do número legal de membros da Corporación. Para os efectos do cómputo non se terán en conta os decimais que resulten de dividir por tres o número total de Concelleiros.

Os nomeamentos faranse mediante resolución da Alcaldía da que se dará conta ao Pleno na primeira sesión que celebre, notificándose, ademais, persoalmente aos designados, e publicaranse no *Boletín Oficial da Provincia*, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte da firma da resolución pola Alcaldía, se nela non se dispuxese outra cousa.

PROPOÑO

PRIMEIRO. Constituír a Xunta de Goberno Local, que terá por obxecto a asistencia permanente á alcaldía no exercicio das súas atribucións, así como exercer, no seu caso, as atribucións que a alcaldía ou outro órgano municipal lle delegue ou as que lle atribúan as leis.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

SEGUNDO. A Xunta de Goberno Local estará integrada pola Alcaldía, que será o seu presidente, e por un número de Concelleiros que non poderá ser superior ao terzo do número legal de membros da Corporación, que serán nomeados libremente pola alcaldía como membros da mesma.

Quedan integrados na Xunta de Goberno Local, esta Presidencia e o 1º e 2º tenentes de alcalde.

TERCEIRO. A Xunta de Goberno Local axustará o seu funcionamento ao disposto nos artigos 112 e 113 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, a estes efectos propoño que a Xunta celebre sesión ordinaria coa seguinte periodicidade:

O segundo (2º) e cuarto (4º) xoves de cada mes, ás 20:00 horas, salvo que sexa festivo que será o día anterior e no caso de que este fora festivo, será o día seguinte hábil”.

Intervén o voceiro do grupo Alternativa dos Veciños de Fisterra, Sr. Francisco Antonio Lestón Redonda, manifestando que apoiamos a proposta da Alcaldía.

Acto seguido, sometese a votación a proposta da alcaldía, e o pleno da corporación, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a proposta da alcaldía en todo ou seu contido, quedando desde este momento creada a Xunta de Goberno local cos seus integrantes, a tódolos efectos legais.

10º) PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA, DE CREACIÓN DE COMISIÓNS INFORMATIVAS E ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN.

A) COMISION INFORMATIVA PERMANENTE DE URBANISMO

Dáse lectura á Proposta da Alcaldía, que literalmente di o seguinte:

“As Comisións Informativas, integradas exclusivamente por membros da Corporación, son órganos sen atribucións resolutorias que teñen por función o estudo, informe ou consulta dos asuntos que haxan de ser sometidos á decisión do Pleno e da Xunta de Goberno Local cando esta actúe con competencias delegadas polo Pleno, salvo cando haxan de adoptarse acordos declarados urxentes.

Igualmente, informarán aqueles asuntos da competencia propia da Xunta de Goberno Local, e da Alcaldía, que lles sexan sometidos ao seu coñecemento por expresa decisión daqueles, e, efectuarán o seguimento da xestión da Alcaldía, da Xunta de Goberno e dos Concelleiros que ostenten delegacións, sen prexuízo das competencias de control que corresponden ao Pleno.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Tódolos grupos políticos integrantes da corporación terán dereito a participar nos devanditos órganos, mediante a presenza de concelleiros pertencentes aos mesmos en proporción ao número de Concelleiros que teñan no Pleno.

Son Comisións Informativas permanentes as que se constitúen con carácter xeral, distribuíndo entre elas as materias que han de someterse ao Pleno. O seu número e denominación iniciais, así como calquera variación das mesmas durante o mandato corporativo, decidírase mediante acordo adoptado polo Pleno a proposta da alcaldía, procurando, no posible, a súa correspondencia co número e denominación das grandes áreas en que se estruturen os servizos corporativos.

No acordo de creación das Comisións Informativas determinarase a composición concreta das mesmas, tendo en conta as seguintes regras:

- a) A Alcaldía, é o Presidente nato de todas elas; con todo, a presidencia efectiva poderá delegala en calquera membro da Corporación, a proposta da propia Comisión, trala correspondente elección efectuada no seu seo.
- b) Cada Comisión estará integrada de forma que a súa composición se acomode á proporcionalidade existente entre os distintos grupos políticos representados na Corporación.
- c) A adscrición concreta a cada Comisión dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma en representación de cada grupo, realizarase mediante escrito do voceiro do mesmo dirixido á alcaldía, e do que se dará conta ao Pleno. Poderá designarse, de igual forma, un suplente por cada titular.

De conformidade co artigo 124.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro,

PROPOÑO AO PLENO DÁ CORPORACION

1º) A creación da COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE URBANISMO, que terá por obxecto ou exame, estudo e informe de todas aquelas materias que estean relacionadas co Urbanismo:

2º) A composición da Comisión Informativa Permanente de Urbanismo estará integrada por:

- A presidenta da corporación.
- 3 membros do grupo municipal do Partido Popular
- 2 membros do grupo municipal de Alternativa dos Veciños
- 1 membro do grupo municipal do Partido Socialista
- 1 membro do grupo municipal do BNG

3º) Tódolos grupos remitirán a través do seu voceiro un escrito no que designen os nomes dos concelleiros que formarán parte da Comisión en representación do seu grupo. Poderá designarse, de igual forma, un suplente para cada titular”.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Intervén o voceiro do grupo Popular, Sr. Luís Manuel Insua Lago, manifestando que non é unha proposta axustada á composición do pleno. Hai unha sobre representación do grupo Alternativa dos Veciños que fai que a Comisión perda a debida proporcionalidade. Neste punto propoñemos que se deixe sobre a mesa e se traia unha nova proposta axeitada ao que a normativa establece. Se o grupo Alternativa dos Veciños ten 2 representantes a maiores da presidencia, para manter a proporcionalidade, ao grupo popular debería ter 4 representantes e ten 3. Insisto, propoñemos que se deixe sobre a mesa e se traia nova proposta no vindeiro pleno adaptada á normativa para manter a proporcionalidade que esta esixe.

Intervén o voceiro do grupo socialista, Sr. José Marcote Suárez, manifestando que a nos parécenos ben que se revise esa proposta.

Acto seguido, sometese a votación a proposta da alcaldía, e o pleno da corporación, por catro votos a favor (3 AdV e 1 BNG) e sete votos en contra (5 PP e 2 PSOE), acorda rexeitar a proposta da alcaldía de creación da Comisión Informativa de Urbanismo.

B) COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS

Dáse lectura á Proposta da Alcaldía, que literalmente di o seguinte:

“Segundo o establecido no artigo 127 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais:

1. A Comisión Especial de Contas é de existencia preceptiva, segundo dispoñe o artigo 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, e a súa constitución, composición e integración e funcionamento axustase ao establecido para as demais Comisións Informativas.
2. Corresponde á Comisión Especial de Contas o exame, estudio e informe de todas as contas, orzamentarias e extra orzamentarias, que deba aprobar o Pleno da Corporación, de acordo co establecido na lexislación reguladora da contabilidade das entidades locais.
3. Ben a través do regulamento orgánico ou mediante acordo adoptado polo Pleno da Corporación, a Comisión Especial de Contas poderá actuar como Comisión Informativa permanente para os asuntos relativos á economía e facenda da entidade.

Tódolos grupos políticos integrantes da corporación terán dereito a participar na Comisión Especial de Contas, mediante a presenza de concelleiros pertencentes aos mesmos en proporción ao número de Concelleiros que teñan no Pleno.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

No acordo de creación das Comisións Informativas determinarase a composición concreta das mesmas, tendo en conta as seguintes regras:

a) A Alcaldía, é o Presidente nato de todas elas; con todo, a presidencia efectiva poderá delegala en calquera membro da Corporación, a proposta da propia Comisión, trala correspondente elección efectuada no seu seo.

b) Cada Comisión estará integrada de forma que a súa composición se acomode á proporcionalidade existente entre os distintos grupos políticos representados na Corporación.

c) A adscrición concreta a cada Comisión dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma en representación de cada grupo, realizarase mediante escrito do voceiro do mesmo dirixido á alcaldía, e do que se dará conta ao Pleno. Poderá designarse, de igual forma, un suplente por cada titular.

De conformidade co artigo 124.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro,

PROPOÑO AO PLENO DÁ CORPORACION

1º) A creación da COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS, que terá por obxecto o exame, estudo e informe de todas as contas, orzamentarias e extra orzamentarias que deba aprobar o Pleno da Corporación, de acordo co establecido na lexislación reguladora da contabilidade das entidades locais.

2º) A composición da Comisión Especial de Contas, estará integrada por:

- A presidenta da corporación.
- 3 membros do grupo municipal do Partido Popular
- 2 membros do grupo municipal de Alternativa dos Veciños
- 1 membro do grupo municipal do Partido Socialista
- 1 membro do grupo municipal do BNG

3º) Tódolos grupos remitirán a través do seu voceiro un escrito no que designen os nomes dos concelleiros que formarán parte da Comisión en representación do seu grupo. Poderá designarse, de igual forma, un suplente para cada titular”.

Intervén o voceiro do grupo Popular, Sr. Luís Manuel Insua Lago, manifestando que igualmente que sucedía na Comisión de Urbanismo, hai un grupo que está sobre representado, non se respecta a proporcionalidade establecida pola normativa vixente, entón non podemos máis que propoñervos que o volvades a revisar e o traiades a seguinte sesión.

Intervén o voceiro do grupo socialista, Sr. José Marcote Suárez, manifestando que o mesmo.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Acto seguido, sométese a votación a proposta da alcaldía, e o pleno da corporación, por catro votos a favor (3 AdV e 1 BNG) e sete votos en contra (5 PP e 2 PSOE), acorda rexeitar a proposta da alcaldía de creación da Comisión Especial de Contas.

11º) PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA, PARA A REPRESENTACIÓN DO CONCELLO EN DIVERSOS ORGANISMOS E ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN.

Dáse lectura á Proposta da Alcaldía, que literalmente di o seguinte:

“De conformidade co artigo 38.c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro,

PROPOÑO AO PLENO DÁ CORPORACION

Os seguintes nomeamentos para representantes en órganos colexiados:

1º) ESCOLA INFANTIL “GALIÑA AZUL”	
TITULAR	MARTINEZ TRABA, Francisco
SUPLENTE	LESTON REDONDA, Francisco Antonio

2º) COLEXIO PÚBLICO “MAR DE FORA” – EDUCACIÓN PRIMARIA	
TITULAR	MARTINEZ TRABA, Francisco
SUPLENTE	LESTON REDONDA, Francisco Antonio

3º) COLEXIO PÚBLICO SARDIÑEIRO “AREOUTA” – EDUCACION PRIMARIA	
TITULAR	MARTINEZ TRABA, Francisco
SUPLENTE	LESTON REDONDA, Francisco Antonio

4º) INSTITUTO ESO “FIN DO CAMIÑO” – EDUCACIÓN SECUNDARIA	
TITULAR	MARTINEZ TRABA, Francisco
SUPLENTE	LESTON REDONDA, Francisco Antonio

5º) GRUPO DE ACCION COSTEIRA	
TITULAR	LESTON REDONDA, Francisco Antonio
SUPLENTE	DOMINGUEZ SISTO, Áurea

6º) MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS “COMARCA DE FISTERRA”	
TITULAR	DOMÍNGUEZ SISTO, Áurea
TITULAR	LESTÓN REDONDA, Francisco Antonio



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Fisterra, 4 de xullo de 2023
A Alcaldesa
Asdo. Áurea Domínguez Sisto"

Intervén o voceiro do grupo socialista, Sr. José Marcote Suárez, manifestando que foi corrixido o erro, no que toca coa composición da mancomunidade, xa que na proposta da alcaldía constaba un titular e un suplente en vez de dous titulares.

Acto seguido, sométese a votación a proposta da alcaldía, e o pleno da corporación, por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a proposta da alcaldía en todo ou seu contido.

12º) PROPOSTA DA ALCALDIA-PRESIDENCIA, SOBRE PERIODICIDADE DE SESIÓNS PLENARIAS E ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN.

Dáse lectura á Proposta da Alcaldía, que literalmente di o seguinte:

"De conformidade co disposto no artigo 210.2-a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia,

PROPOÑO AO PLENO DÁ CORPORACION

1º) Que as sesións ordinarias do pleno da corporación, se celebren en primeira convocatoria, o primeiro venres de cada dous meses, e en segunda convocatoria dous días hábiles despois, no seguinte horario:

INVERNO	VERÁN
19:00 horas	20:00 horas

Para o caso de que as sesións coincidiran con día festivo, a sesión realizarase o día anterior hábil.

2º) Que a primeira sesión ordinaria se celebre o día venres 4/08/2023.

Fisterra, 4 de xullo de 2023
A Alcaldesa
Asdo. Áurea Domínguez Sisto"

Intervén o voceiro do grupo Popular, Sr. Luís Manuel Insua Lago, manifestando que nós aquí temos dúas suxerencias. A primeira é que cremos que o venres non é o mellor día para realizar sesións plenarias, a nós vains ben calquera día da semana, pero o venres vémolos como un día no que hai xente que xa non está disposta, polo que pedimos que lle deades unha volta porque creo que hai outras opcións.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

A segunda, consideramos que un goberno tan en minoría, con só 3 de 11 concelleiros, debe render contas e explicar as súas decisións dunha maneira máis periódica, nos cremos que se deberían celebrar sesións plenarias cunha periodicidade mensual, xa que desta forma poderíase levar a cabo un maior control sobre un executivo con aplastante minoría.

Intervén o voceiro do grupo socialista, Sr. José Marcote Suárez, manifestando que en canto ao primeiro punto que xa foi tratado polo partido popular estamos na mesma liña e pensamos que o venres non é o mellor día para sesións plenarias, tamén nós valería calquera outro día da semana. O horario parécenos ben, un venres as sete da tarde en verán ou as 8 da tarde en inverno non nos parece a mellor alternativa. Entendo que o mellor sería buscar entre os outros días da semana o que mellor, por exemplo o que xa tiñamos, aínda que pode ser outro calquera.

En canto á periodicidade das sesións plenarias, a nós énos un pouco indiferente, porque realmente somos un concello no que hai veces que a periodicidade de 2 meses das sesións sexa excesivo polos temas a tratar, pero tamén é verdade que pola experiencia que temos hai veces que se metemos unha periodicidade inferior podémonos encontrar con plenos con practicamente moi pouco ou ningún contido. Tamén é verdade que existen os plenos extraordinarios para en caso de que fixera falta, se puidera convocar, incluso a oposición temos a posibilidade, co apoio suficiente de poder facelo. Entón nós entendemos que a periodicidade está ben, pero no que respecta co día da semana, estamos de acordo co partido popular.

Intervén o voceiro do grupo BNG, Sr. Xan Carlos Sar Oliveira, manifestando que nós estamos de acordo coa periodicidade bimensual dos plenos, e o día tamén nos valería o venres, aínda que estaríamos dispostos a calquera outro día. O único que vemos é o horario un pouco xusto. A xente que traballa en traballos normais, como traballa a maioría da xente, as 7 da tarde en inverno vailles ser un pouco complicado poder vir aos plenos e no verán ao mellor das 8 da tarde si, pero se se puidera retrasar media hora ou unha hora, tanto no inverno como no verán, estaría bastante mellor para nós.

Intervén a Sra. Alcadesa, dona Áurea Domínguez Sisto, manifestando que quedan recollidas as intervencións dos 3 grupos políticos. Como esta é unha proposta miña que traio ao pleno, e á vista de que os compañeiros da corporación, propoñen que cambie o día, se os meus compañeiros de Alternativa non teñen ningún inconvinte, por min cambiaríao agora mesmo.

Intervén o voceiro do grupo Alternativa dos Veciños, Sr. Francisco Antonio Lestón Redonda, manifestando que nos estamos abertos a calquera cambio, non nos importa.

Intervén a Sra. Alcadesa, dona Áurea Domínguez Sisto, manifestando que se modifica na proposta da alcaldía no sentido de incluír que as sesións ordinarias do pleno da corporación, se celebren en primeira convocatoria, o primeiro xoves de cada dous meses, ás 20:00 horas, tanto en verán como en inverno. E que a primeira sesión ordinaria que se celebre sexa o venres 3/08/2023.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Acto seguido, sométese a votación a proposta da alcaldía, e o pleno da corporación, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a proposta da alcaldía en todo ou seu contido.

13º) PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA, SOBRE ASISTENCIAS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN, POLA CONCORRENCIA EFECTIVA ÁS SESIÓNS DOS ORGANOS COLEXIADOS E ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN.

Dáse lectura á Proposta da Alcaldía, que literalmente di o seguinte:

“Tendo en conta que o artigo 75.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL), establece que:

“Só os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin dedicación parcial percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación que formen parte, na contía sinalada polo pleno da mesma.

PROPOÑO AO PLENO DÁ CORPORACION

1º) Que pola asistencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados desta corporación e con efectos desde a súa constitución o día 17/06/2023, se abonen aos concelleiros que non teñan dedicación exclusiva nin dedicación parcial as seguintes contías:

PLENO	100,00 €
XUNTA DE GOBERNO LOCAL	100,00 €
COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS	100,00 €
COMISIÓNS INFORMATIVAS	100,00 €

Fisterra, 4 de xullo de 2023

A Alcaldesa
Asdo. Áurea Domínguez Sisto”

Intervén o voceiro do grupo popular, Sr. Luís Manuel Insua Lago, manifestando que xa levamos estes importes dúas lexislaturas, polo que nos parecen adecuadas e estamos de acordo coa proposta.

Intervén o voceiro do grupo socialista, Sr. José Marcote Suárez, manifestando que estamos mantendo o que había.

Acto seguido, sométese a votación a proposta da alcaldía, e o pleno da corporación, por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a proposta da alcaldía en todo ou seu contido.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

14º) PROPOSTA DA ALCALDIA-PRESIDENCIA, SOBRE RETRIBUCIÓNS DOS CARGOS PÚBLICOS E ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN.

Dáse lectura á Proposta da Alcaldía, que literalmente di o seguinte:

“De conformidade co disposto no artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; co establecido no artigo 13 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; así como da modificación introducida polo artigo 4 da Lei 9/1991, de 22 de marzo, pola que se modifican determinados artigos da Lei 25/1983, do 26 de decembro, de incompatibilidades de altos cargos; da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; da Lei de Contratos do Estado e da Lei 24/1988, de 28 de xullo, do mercado de valores.

Tendo en conta o que se establece na Lei 31/2022, do 31 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2023, na súa Disposición Adicional Vixésima sétima, de réxime retributivo dos membros das corporacións locais.

PROPOÑO AO PLENO DÁ CORPORACION

1º) Recoñecer unha dedicación parcial do 95% a esta alcaldía, para o desempeño das súas responsabilidades corporativas, a partir do día de hoxe, polo seguinte importe:

Habitantes	Referencia BOE (100%)	Proposta 95% (14 pagas)	Proposta 95% (mensual)
1.000 a 5.000	46.464,02 €	44.140,81 €	3.152,91 €

Este importe será bruto, ao que se terá que descontar a porcentaxe do IRPF e cotas á seguridade social que correspondan.

Este importe anual, distribuirase en 12 pagas mensuais, e 2 pagas extraordinarias, que se percibirán nos meses de xuño e decembro.

Fisterra, 4 de xullo de 2023

A Alcaldesa

Asdo. Áurea Domínguez Sisto”

Intervén o voceiro do grupo popular, Sr. Luís Manuel Insua Lago, manifestando que no discurso do pleno de investidura, o pasado 17 de xuño, deixamos moi claro que o noso interese está en defender e traballar por Fisterra e os fisterráns e que íamos actuar e traballar con toda a nosa forza para que os intereses comúns se antepuxesen aos persoais.

Nesa mesma sesión plenaria levouse a cabo a votación para a elección de alcalde/alcaldesa. O noso grupo con 5 de 11 concelleiros non acadou a maioría que si



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

conseguiu a actual alcaldesa xuntado os apoios do resto das forzas (3 propios, 2 do grupo socialista e 1 do BNG).

O grupo popular non a apoiou Sra. Alcaldesa. Comprenderá vostede que actuaremos coma oposición, unha oposición seria, leal e construtiva por Fisterra. Neste punto é obriga súa encontrar os apoios cos grupos que si a investiron, o problema é que vostede goberna con 3 concelleiros e pensa que ten 6. Repito que nós non a apoiamos, porque non cremos na súa política, na política do seu grupo, na súa forma de facer, nin no seu programa co que se presentou, un programa baseado na súa maior parte en falacias e imposibles que non son beneficiosos para Fisterra.

A última hora, véspera desta sesión contacta vostede comigo, cando xa ten todo organizado, listo e pechado, para tratar única e exclusivamente o punto que lle é do seu interese, cando se ve perdida e sen capacidade. As cousas fanse doutro xeito cando ten un grupo tan reducido. Por certo, nunca se contou con este grupo para nada, nunca se lle contactou e resulta un pouco descarado que só se nos teña en conta para un tema particular cando non ten máis saída. Isto só demostra que vostede queíreo todo.

Recapacite, mentalícese de que ten 3 de 11 concelleiros, estableza un poder negociador efectivo, non veña sempre a defensiva porque nós non temos culpa nin de que estea aí, nin dos seus males no goberno, cambie a súa actitude cara os compañeiros da corporación e poderemos falar nun futuro, se vostede o desexa, sempre cos intereses dos fisterráns por diante, e non os persoais.

Intervén o voceiro do grupo Alternativa dos Veciños, Sr. Francisco Antonio Lestón Redonda, manifestando que este grupo político defende a proposta da alcaldía, como non podía ser doutra maneira. Defendemos a asignación da Alcaldesa cos importes que se detallan na solicitude en base á necesidade da dedicación que conleva este posto de máxima responsabilidade. Así mesmo, queremos facer constar que todos os alcaldes dos partidos políticos que están representados nesta corporación cobraron polo desempeño do seu cargo de alcalde.

Intervén o concelleiro do grupo popular, Sr. José Manuel Traba Fernández, manifestando que iso non é verdade, eu o primeiro ano non cobrei porque non tiña maioría absoluta.

Intervén o voceiro do grupo Alternativa dos Veciños, Sr. Francisco Antonio Lestón Redonda, manifestando que estes alcaldes están hoxe aquí. Pepe polo partido socialista e José Manuel Traba polo partido popular. Nós seguimos esperando o voso voto favorable, que votedes en conciencia, que pensedes no ben dos cidadáns e non nós intereses partidistas.

Intervén o voceiro do grupo popular Sr. Luís Manuel Insua Lago, dirixíndose ao Sr. Francisco Antonio Lestón Redonda e manifestándolle que retire a mentira que acaba de dicir, que todos os alcaldes cobraron sempre, xa que iso non é verdade.

Intervén o voceiro do grupo Alternativa dos Veciños, Sr. Francisco Antonio Lestón Redonda, respostándolle ao Sr. Luís Manuel Insua Lago, e manifestando e logo non é verdade que o Sr. José Manuel Traba cobrou pola súa dedicación como alcalde.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Intervén o concelleiro do grupo Alternativa dos Veciños Sr. Francisco Martínez Traba, manifestando que e logo non é verdade que os alcaldes de Fisterra cobraron ata o día de hoxe.

Intervén o voceiro do grupo popular Sr. Luís Manuel Insua Lago, dirixíndose á Sra. Alcaldesa e preguntándolle se poden participar aqueles concelleiros que non son voceiros?

A Sra. Alcaldesa dona Áurea Domínguez Sisto, respóstalle ao voceiro do grupo popular, que acaba de participar o señor José Manuel Traba que non é voceiro e non lle dixen nada.

O voceiro do grupo popular Sr. Luís Manuel Insua Lago, contesta que o concelleiro José Manuel Traba, repostou porque o nomearon.

A Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, respóstalle ao voceiro do grupo popular, que xa xurde esa dobre vara de medir.

Continúa coa súa intervención o voceiro do grupo Alternativa dos Veciños Sr. Francisco Antonio Lestón Redonda, manifestando que nós defendemos a dedicación da alcaldes. Non se pode ser alcaldesa e non cobrar. Iso non é posible. Non solicitamos ningunha outra dedicación, si nos dedicamos a gobernar para todos. Traballamos os que non cobramos, non o pedimos, pero si traballamos, e pedimos algo que cremos que é xusto e necesario, que unha persoa que dedica o seu tempo a representar aos cidadáns de Fisterra ten que cobrar un soldo. Non cabe na cabeza de ninguén, que unha persoa asuma a representación do pobo de Fisterra e non cobre por esa representación. De todos modos, xa para rematar, apelo á conciencia de cada un, ao voto libre de cada un, e que realmente imos quedar retratados, isto vai quedar para a historia, é a primeira alcaldesa da historia de Fisterra e igual é por iso, por ser a primeira alcaldesa non pode cobrar a súa asignación. Apelo á responsabilidade de cada un, aínda estamos a tempo.

Intervén o voceiro do grupo socialista, Sr. José Marcote Suárez, manifestando que antes de nada unha pregunta, porque se puxo o 95% e non o 100%?

A Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, manifesta que eu desde o 2002, levo un negocio, unha xestoría administrativa en Sardiñeiro, teño 2 traballadores que manteñen 2 familias. A dedicación ao 100% implicaría que eu non podería entrar nin a controlar nin a firmar as nóminas dos meus traballadores. Probablemente non me deixariades, por iso reservei ese 5% de dedicación aínda que me parece que deba reservarme un 1% porque as horas que xa me estou metendo pois xa é mais do 100%. Válelle esta explicación?

Continúa coa súa intervención o voceiro do grupo socialista, Sr. José Marcote Suárez, manifestando que vexo entón que vai traballar aquí e mais alí, non?

Como vostede non foi a única acción a priori para encabezar a lista da candidatura de Alternativa dos Veciños, porque falaron con mais xente, ou polo menos iso sabemos nós. Para intentar convencelos, un dos principais atractivos que propoñía Alternativa dos Veciños era que iban cobrar un soldo de mais de 40 mil euros ao ano.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

A Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, diríxese ao voceiro do grupo socialista e maniféstalle que non lle acabo de entender, repítame o que está dicindo.

O voceiro do grupo socialista, Sr. José Marcote Suárez, contéstalle que vostede non foi a única opción que Alternativa dos Veciños barallou para encabezar a lista.

A Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, diríxese ao voceiro do grupo socialista e pregúntalle: falou con vostede Alternativa dos Veciños? Propuxéronllo a vostede?

O voceiro do grupo socialista, Sr. José Marcote Suárez, contéstalle a Sra. Alcaldesa que a min non. A outra xente que mo dixo, si.

A Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, diríxese ao voceiro do grupo socialista e pregúntalle: e porque ten que ser esa a verdade?

O voceiro do grupo socialista, Sr. José Marcote Suárez, contéstalle a Sra. Alcaldesa que por que eu creo na xente que mo dí.

A Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, diríxese ao voceiro do grupo socialista e maniféstalle que eu non vou a entrar nese tipo de debate, continúe vostede coa súa intervención.

O voceiro do grupo socialista, Sr. José Marcote Suárez, continua coa súa intervención manifestando que isto é unha forma de actuar, que a min persoalmente, por Alternativa dos Veciños, polo partido, non por vostedes, paréceme unha proposición indecente o de pagarlle a xente para animala a que se presente.

Con estas premisas, deberíamos poñer en corentena a calquera persoa que se presentara polas súas siglas. E non aprobaríamos o soldo, non vaia ser que sexa esa a razón. Isto por si só, sería motivo suficiente para non aprobalo, nin a vostede nin a ninguén que represente a unha formación política que fai estas cousas.

Pero as artes de Alternativa dos Veciños non acaban aí, porque despois de meter un candidato hai que facer unha campaña e hai que conseguir o mellor resultado electoral posible. Esta estratexia comeza por repetir continuamente que vostede non lle daría os votos a ninguén na sesión de investidura o que, como xa lle dixen unha vez nun debate, denota unha carencia política importante, porque os políticos debemos ser útiles á cidadanía, aínda que para iso, as veces, teñamos que votar opcións que son propostas de outras formacións.

Isto que fixo vostede é unha estratexia electoral moi vella. Pode servir para sacar bos resultados electorais, pero non serve para o día despois das eleccións. O día despois das eleccións, isto pode ser efectos secundarios negativos, como pode ser este caso, sabe? Convertese vostede en algo encorsetado que non ten capacidade de manobra, capacidade de moverse, algo así como se tivera unha discapacidade política sen marxe de manobra. E os políticos debemos ser capaces de formar as maiorías que permitan a mellor opción de goberno, maiorías que por exemplo, permita aprobar dedicacións exclusivas. Pero vostede puxo por diante o freno, a súa alcaldía, ou alcaldesa ou nada, aínda que puidera levar consigo que non cobrara o soldo.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Porque o importe neste caso, non son as persoas, senón o proxecto que se pretende levar a cabo, e claro, hoxe tráenos aquí entre outras cousas o soldo que pretende cobrar sen a maioría necesaria que lle garanta que llo aproben. Todo iso, froito da incapacidade para formar esa maioría necesaria, porque a puido formar e todo iso, sen proxecto para Fisterra.

Porque como dixen antes, o importante non son as persoas, son os proxecto, pero todo isto sen proxecto para Fisterra, porque si tamén é moi boa estratexia electoral disparar contra o plan xeral aprobado durante o goberno anterior e prometer outro onde os veciños poderán edificar onde queiran, practicamente. Pero mire, deixei no despacho da alcaldía, que Traba xa mo deixou a min, un libro moi gordo, que son os planos de ordenación do plan xeral que nos encontramos nós cando chegamos aquí non 2015. Se compara o plan que actualmente este en vigor, verá que son bastante diferentes, por iso minten, cando falan dun plan de vinte anos. A ignorancia é moi atrevida.

Din vostedes que faltan espazos para equipamentos, mais ignorancia. Cando o concello ten terreos para equipamentos é moi doado poñelos porque son gratis. Por iso, no plan xeral aparecen destinados a equipamentos, primeiro os espazos que son públicos, que son de todos, eses son os primeiros que se usan, pero o Plan ten que cumprir uns mínimos que se cobren con espazos a expropiar, pero normalmente só se pon o imprescindible para cumprir, xa que a expropiación despois de que vostede a mete no plan é obrigatoria nun tempo determinado e hai que facela. E ao propietario do terreo hai que expropialo si ou si. Por iso, o que se fai, e que cando se considera unha necesidade concreta dun equipamento faise con modificacións puntuais ou outros instrumentos urbanísticos mais sinxelos e rápidos, pero claro, vostedes isto non o sabían, nin se preocuparon de sabelo, o seu foi todo de moi última hora. Que tamén formou parte da súa estratexia electoral. Todos sabemos esas estratexias, o factor sorpresa.

Piden vostedes mais espazos verdes, isto significa que non sei se mediu os espazos verdes que temos no concello de Fisterra, porque mira, sen ir lonxe, se vai aí arriba, hai un espazo verde que ten 7,5 hectáreas. Pero é que o monte do cabo é outro espazo verde. Temos zona de servidume de costas, que queiramos ou non, fan espazos verdes, e aínda por riba temos unha rede natura que fai mais espazos verdes. E dicir, que estamos rodeados de espazos verdes por todos os lados.

O de espazos verdes no sentido que vostedes falan está ben para unha urbe moi grande, para unha disposición urbanística como a nosa non ten sentido.

Falan vostedes dun crecemento urbanístico respectuoso co medio ambiente. Saben vostedes cal é o crecemento mais respectuoso co medio ambiente? O crecemento cero. Por iso se propoñen os crecementos estritamente necesarios despois do estudio da poboación, que para Fisterra é para abaixo e agora manténdose e da existencia das vivendas que hai por ocupar. Esa estatística é a que conta. Pero claro, da mais votos dicirlle á xente que vai poder construír nas súas leiras que dicirlle que non van poder facelo.

Por certo, o solo rústico é un atractivo turístico mais. E ademais o ceo nocturno tamén é un atractivo turístico. Digo isto polo que poñen no programa de aumentar a



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

iluminación nos núcleos rurais. Non esqueza que temos unha certificación de destino turístico Starlight. Non sei se ao mellor quere que a perdamos.

E claro o do PXOM, que podería ser outra estratexia puntual, que ao mellor despois, poderían vostedes esquecerse diso, resulta que non, que seguen vostedes con esa teima, totalmente innecesaria. Pero claro, alá vostedes con esas cousas, e que gasten o seu tempo e o seu traballo en facer cousas innecesarias, pero claro o que non poden pretender e cobrar por iso. Nos temos que velar polos intereses do concello. Os económicos tamén.

O seu programa non fala nada do casco vello de Fisterra. Que van facer co plan de recuperación do casco vello de Fisterra? O que si sabemos é que teñen pensado meterlle man á zona peonil, polo visto, non? Saiba que iso pode ir en contra dos informes da Dirección Xeral de Patrimonio sobre o plan do casco vello e sobre todo vai en contra de toda lóxica urbanística e medioambiental de desenvolvemento sostible. Pero alá vostedes, fagan o que vexan, pero non pretenderán cobrar por elo?

Por certo, sendo un programa para Fisterra, non aparece nada no seu programa sobre o modelo turístico que vostedes pretenden para este pobo. Ou Alternativa dos Veciños enganáronse de programa e elixiron outro programa do catálogo que teñen e colleron o de outro sitio. En fin, poderíamos seguir poñendo razóns encima da mesa para non aprobarlle a dedicación. Pero penso que con estas chegan.

Intervén o voceiro do grupo BNG, Sr. Xan Carlos Sar Oliveira, manifestando que nós entendemos que levar o peso de todo o concello sobre tres persoas, non é ningunha bicoca, nós estivemos oito no goberno. Mais ben é unha responsabilidade inmensa xa que require investir moito tempo ao concello. Como sabemos do que falamos, tempo tamén do persoal.

Entendemos que non comezan ben de todo, agora enterámonos de que chamáchedes ao grupo popular para falar con eles, pero a nós non nos chamástedes, aos partidos que vos demos o apoio na investidura e como nos tomamos a decisión de non entrar no goberno para poder chegar a un acordo de mínimos para que a gobernabilidade do concello poida ser moito mais doada.

Non vos podedes esquecer, que aínda que esteades no goberno, tedes 3 concelleiros de 6, e iso ao longo da lexislatura vai requirir de moito diálogo para sacar cousas adiante, e todas polo ben de Fisterra.

Polo da súa dedicación, nos imos votarlle a favor, aínda que non estamos de acordo no fondo, xa que nós entendemos que a dedicación da alcaldesa ten que ser total e non parcial. A dedicación entendemos que debería ser do 100% e non reducir ese 5% e abrir así a porta para poder dedicarse a traballos particulares.

Iso, ademais de vista a configuración do goberno, que ningún outro membro conte con dedicación, entendemos que pode facer algo incrible o poder gobernar. Aínda con todo isto, nós imos votarlle a favor da dedicación. Pois entendemos que toda persoa que traballa ten dereito a cobrar, e o traballo ten que ser remunerado, e pode cobrar a fin de mes. Nós non queremos facer da política un espazo para que só se poda dedicar a xente de ben, a xente podente ou os fillos de papá. Polo que, unha persoa que



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

traballa, entendemos que ten dereito a cobrar. Por iso, imos votarlle a favor da súa dedicación.

Acto seguido, sométese a votación a proposta da alcaldía, e o pleno da corporación, por catro (4) votos a favor (3 AdV e 1 BNG) e sete (7) votos en contra (5 PP e 2 PSOE) acordan rexeitar a proposta da alcaldía en todo ou seu contido.

Intervén a Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, manifestando que o día 17 de xuño fun investida alcaldesa polo pleno da corporación.

Hoxe 7 de xullo, o mesmo pleno cos votos en contra do PSOE e PP, néganme a asignación salarial ao cargo.

Aquí, entre os concelleiros que mo negan, está don José Manuel Traba Fernández do Partido Popular, foi alcalde de Fisterra durante 12 anos, dos que durante 11 anos cobrou sempre a súa asignación de alcalde e sempre obtivo os votos a favor do PSOE. Hoxe concelleiro desta corporación, négame a asignación salarial.

Don José Marcote Suárez do PSdeG-PSOE, foi alcalde de Fisterra durante os últimos oito anos, cobrou sempre a súa asignación de alcalde e sempre obtivo o voto favorable do PP. Hoxe, concelleiro desta corporación, négame a asignación salarial de alcaldesa.

Non alcanzo a entender que criterio os leva a tomar esta decisión.

O traballo dignifica, sempre que se obteña un salario. En caso de negarse ese salario, o traballo non dignifica, o traballo escraviza. Iso é o que os señores Luís Manuel Insua Lago; Susana Rodríguez Nemiña; Jose Manuel Traba Fernández; Jenifer Suárez Silva; Manuel Canosa Trillo; José Macote Suárez e Alexandre Domínguez Lado, estes señores é o que queren, escravizarme.

Escravizarme a min, porque saben que vou a traballar moito. Isto non vai deter as miñas forzas. Saben que vou traballar e están moi contentos de que así sexa, de que me escravicen, pero iso pesará sobre as súas consciencias.

Non quero afondar, porque prefiro manter a calma que me caracteriza.

Iso é o que a maioría dos concelleiros queren para min. Escravizarme. Por que? Por que son muller? Eles, homes todos, cobraron, uns co beneplácito dos outros. Son a primeira muller alcaldesa de Fisterra. E no cobrarei a dedicación solicitada por unha decisión revanchista e sexista aloxada e enquistada na mente de moitos homes e sorprendentemente moitas mulleres, que hoxe aflora tamén aquí neste pleno, en toda a súa plenitude. Grave actitude por parte de todos eles.

Tamén podería pensar por que non me dan a dedicación? Eles si, eu non. Porque utilizan esa dobre vara de medir que as persoas que non teñen argumentos na súas pretensións utilizan para facer valer a súa vontades: Nós si, pero tí non. Sexa polo que sexa, porque son muller, porque vou a demostrarlle que son traballadora, e non vou a cobrar pero vou a traballar polo meu pobo.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Nos si, ti non, estanme dicindo todas estas persoas. Sinto lástima por todas elas. Sinto lástima da falta de moralidade, da pouca cata política da maioría dos concelleiros da corporación que presido. Que pena sinto deles. Aquí xa vexo o partidismo co que van a defender Fisterra, do revanchismo, do sexismo co que van a actuar e decidir.

Estou preparada para lidiar con todo isto. O luns, ás 8:30 estarei no concello traballando para todos, para vós tamén, concelleiros sen principios nin moral. Para todos.

O luns as 8.30 non poderei estar no concello porque teño xa a cita con estradas, para tratar o tema da Anchoa, que desde o primeiro día que cheguei a este concello xa solicitara e ma deron para o luns. Entón o luns non me busquedes no concello, teño que estar na Coruña. Se me da tempo voltarei para facer as horas seguintes no concello. Non obstante, o martes xa me teredes aquí.

Teño que dicir que para formar goberno eu chamei ao PSOE que na súa plena decisión libre, e non teño nada que dicir ao respecto, non quixo. Tampouco quixo Kuka, sen embargo Kuka desde o primeiro momento me dixo que el non formaba goberno con nós, pero si que me aprobaba a dedicación. Por iso, eu collinche a palabra desde ese día. Eu son unha muller de palabra, se a dou unha vez non preciso que ma pidan sete veces, penso que ti tamén o eres, ao menos iso mo demostraches hoxe.

Pero si, non queremos gobernar sós, porque eu son moi consciente de que somos tres de once, pero eses tres van parecer trinta e tres.

E non tendo mais asuntos dos que tratar a Sra. Alcaldesa, levanta a sesión sendo as 21:15 horas, do que, como secretario-accidental, dou fe.